

## LISTA DE ASISTENTES

### Membros da Comisión:

Carmen García Mateo (presidenta)  
Manuel García Sánchez (secretario)  
Rebeca P. Díaz Redondo  
José Ramón Fernández Bernárdez  
Alberto Gil Solla  
Martín Llamas Nistal  
Cristina López Bravo  
Roberto López Valcarce

Acta da sesión da Comisión Académica do Programa de Doutoramento DocTIC da Universidade de Vigo, de trece de febreiro de dous mil dezanove, reunida ás 11:00h na sala A010 (acristalada) da EE de Telecomunicación.

O Mércores **día 13 de febreiro de 2019**, ás 11:00 horas, comezou a sesión da Comisión Académica do Programa de Doutoramento DocTIC, cos asistentes que figuran á marxe, sendo presidida pola catedrática Carmen García Mateo, e actuando como secretario o catedrático Manuel García Sánchez

### Desculpan asistencia:

Mónica Fernández Barciela

A orde do día contén os seguintes puntos:

- 1.- Informe da coordinadora
- 2.- Aprobación, se procede, de actas anteriores
- 3.- Admisión, se procede, de estudantes para o curso 2018/19.
- 4.- Admisión a trámite, se procede, da Tese de Doutoramento de Francisco de Arriba Pérez; aprobación, se procede, da proposta de tribunal e outros trámites relacionados.
- 5.- Cambios e asignación de directores de tese.
- 6.- Aprobación, se procede, da análise de resultados da enquisa realizada a titores e directores de tese de doutoramento
- 7.- Asuntos de trámite
- 8.- Rogos e preguntas

### **Punto 1. Informe da coordinadora.**

A coordinadora informa de que na CAPD a celebrar a próxima semana incluírase un punto para a elección de coordinador/a do programa.

### **Punto 2. Aprobación, se procede, de actas anteriores.**

Apróbase por asentimento o acta de data 7/2/2019.

### **Punto 3. Admisión, se procede, de estudantes para o curso 2018/19.**

Apróbase admitir ós seguintes estudantes, coa seguinte asignación de titores e directores indicada:

Estudiante	Titor	Directores
<b>Lestayó Martínez, Tomás</b>	Manuel Fernández Veiga	Manuel Fernández Veiga
<b>Candal Ventureira, David</b>	Felipe Gil Castiñeira	Felipe Gil Castiñeira

		Javier González Castaño
<b>Quisi Peralta, Diego</b>	Martín López Nores	Martín López Nores
<b>Chaglla Rodríguez, Liliana Elizabeth</b>	Alberto Gil Solla	Alberto Gil Solla Yolanda Blanco Fernández

condicionado a que cumbran cos requisitos de acceso.

**Punto 4. Admisión a trámite, se procede, da Tese de Doutoramento de Francisco de Arriba Pérez; aprobación, se procede, da proposta de tribunal e outros trámites relacionados.**

Apróbbase a derradeira versión do Plan de Investigación do alumno.

Apróbbase a avaliación anual do alumno correspondente ó curso 2018/19.

Compróbbase o cumprimento dos requisitos establecidos na memoria do programa para a defensa da tese de doutoramento. Ten aprobadas as avaliacións anuais dende o curso 2014/15 até o actual. Tamén ten realizadas as actividades formativas obrigatorias:

Actividade obrigatoria	Evidencias no documento de actividades
<b>1.</b> Defensa do Plan de Investigación	<b>Ten defendido o Plan de Investigación dende o curso 2014/15, tal como figura baixo o epígrafe “Outros méritos de investigación”.</b>
<b>2.</b> Preparación dunha comunicación científica internacional	<b>Ten cinco artigos publicados en revistas científicas internacionais, segundo figura no epígrafe “Artigos en revistas internacionais”</b>
<b>3.</b> Envío de artigos a congresos científicos internacionais	<b>Ten feito dúas comunicacións segundo figura no epígrafe “Comunicacións en congresos internacionais”</b>

Apróbbase o informe dos directores da tese relativo á idoneidade da presentación da tese baixo a modalidade de compendio de artigos, da contribución do estudante de doutoramento ós artigos e dos indicios de calidade dos mesmos.

Apróbbase a admisión a trámite da Tese de **Francisco de Arriba Pérez**, titulada **“Aplicación de wearables de pulsera en entornos educativos para la caracterización del sueño y del estrés”**, dirixida polos profesores Manuel Caeiro Rodríguez e Juan M. Santos Gago, baixo a modalidade de compendio de artigos de investigación.

Apróbbase a proposta de tribunal formado por:

	Apelidos e Nome	Universidade ou Institución	Proposta
<b>1</b>	Dafonte Vázquez, José Carlos	Universidade da Coruña	Presidente
<b>2</b>	Blanco Fernández, Yolanda	Universidade de Vigo	Secretario
<b>3</b>	Lama Penín, Manuel	Universidade de Santiago	Vogal
<b>4</b>	Martínez Monés, Alejandra	Universidad de Valladolid	Suplente
<b>5</b>	Llamas Nistal, Martín	Universidade de Vigo	Suplente
<b>6</b>	Hernández Leo, Davinia	Universitat Pomepu Fabra	Suplente

### **Punto 5. Aprobación, se procede, da proposta de asignación de directores de tese.**

Apróbase a seguinte asignación:

<b>Estudiante</b>	<b>Titor</b>	<b>Directores</b>
<b>Nuno Melo Figueirido</b>	Manuel Caeiro Rodríguez	Manuel Caeiro Rodríguez

Apróbanse as seguintes reasignacións:

<b>Estudiante</b>	<b>Titor</b>	<b>Directores</b>
<b>Amr Adel</b>	Manuel Caeiro Rodríguez	Manuel Caeiro Rodríguez Fernando A. Mikic Fonte
<b>Yasser ElGeddawy</b>	Martín Llamas Nistal	Martín Llamas Nistal Fernando A. Mikic Fonte

### **Punto 6. Aprobación, se procede, da análise de resultados da enquisa realizada a titores e directores de tese de doutoramento**

Apróbase a análise recollida no Anexo 1

### **Punto 7. Asuntos de trámite**

Apróbase recoñecer a Simón Oya Díez a presentación da comunicación “Back to the Drawing Board: Revisiting the Design of Optimal Location Privacy-preserving Mechanisms” na ACM Conference on Computer and Communications Security como comunicación en congreso internacional.

Apróbase autorizar e recoñecer a estadía de Sonia María Valladares Rodríguez no Department of Psychology at the University of North Texas (UNT) ente o 31/3/2017 e o 30/4/2017 como estadía nunha universidade estranxeira.

Aprobar a adicación a tempo parcial de Omar Bravo Quezada e de Roberto Agustín García Vélez nos cursos 2017/18 e 2018/19

Apróbase recoñecer a estadía de Alberto Pedrouzo Ulloa na École Polytechnique Fédérale de Lausanne entre o 21/9/2018 e o 28/9/2018 como estadía nunha universidade estranxeira.

### **Punto 8. Rogos e preguntas**

Non hai.

Sen mais asuntos que tratar remata a sesión.

O Secretario,

Manuel García Sánchez

VºBº  
A Presidenta,

Carmen García Mateo

## Anexo 1

### VALORACIÓN DA CAPD DOCTIC DOS RESULTADOS DAS ENQUISAS DE SATISFACCIÓN DOS DIRECTORES/TITORES DE TESES DOUTORAIS.

A valoración global obtida polo programa foi de 3,64 sobre 5, practicamente na media de todos os programas de doutoramento, que foi 3,65.

Os mellores resultados obtivéronse nos apartados relacionados co funcionamento da CAPD, con cualificacións por encima do 4:

- 1 - *A información proporcionada pola comisión académica do programa de doutoramento (CAPD): 4,04.*
- 5 - *O funcionamento da CAPD: 4,19.*

Os aspectos mais negativos, con puntuacións por debaixo do 3, resultan ser:

- 3 - *O apoio económico (contratos, bolsas) aos/ás doutorandos/as: 2,77*
- 4 - *O programa de axudas á mobilidade predoutoral: 2,63*
- 13 - *A xestión dos procesos administrativos relacionados coa dirección das teses: 2,85.*

Estes problemas son comúns a case que todos os programas de doutoramento e non son específicos de DocTIC, o que xa sinala que a orixe e a solución dos mesmos dificilmente pode estar na acción das CAPD.

No que atinxe o punto 3, *apoio económico (contratos, bolsas) aos/ás doutorandos/as*, o programa non dispón de financiación específica para establecer axudas ou contratos ou bolsas de doutoramento, e aínda que a tivese, non se teñen establecido por parte da EIDO mecanismos para xestionar este tipo de axudas.

Respecto ó punto 4, *o programa de axudas á mobilidade predoutoral*, os problemas xa foran detectados no seguimento do programa de doutoramento e deron lugar a acción de mellora 7: *mellora da xestión das becas de mobilidade*, no plan de mellora do programa de doutoramento. O programa de doutoramento DocTic ven dedicando unha importante porcentaxe do seu orzamento a bolsas de mobilidade, que acadou nalgún caso (2015) o 86% do orzamento total. A pesares disto quedan cantidades moi importantes do orzamento sen executar, de até o 50% do asignado a mobilidade (43% do total do orzamento do programa). Isto só é explicable porque a EIDO establece unha limitación do importe das axudas segundo destino e duración. Inda por riba, con estes límites non se chega a cubrir mais que unha pequena parte do gasto real da mobilidade. A CAPD non ten mais capacidade de acción neste problema.

Finalmente, no que se *refire á xestión dos procesos administrativos relacionados coa dirección das teses*, os problemas tamén foran detectados no seguimento do programa de doutoramento e deron lugar a acción de mellora 6: *mellora do apoio proporcionado por Terceiro Ciclo*, no plan de mellora do programa de doutoramento. Os problemas administrativos vense incrementados polas deficiencias e limitacións da ferramenta web de xestión administrativa. A solución destes problemas esta novamente fora do alcance da CAPD.